



Avaliación de Diagnóstico

Desde os centros transmítennos innumerábeis queixas do desenvolvemento das avaliacións de diagnóstico, queixas que van desde o alto número de horas necesarias para a súa corrección até as datas nas que se realizan. De se manter as datas para o ano coincidirían coa segunda avaliación.

Destacan tamén os centros que os textos non están adaptados á realidade e idade do alumnado. Por exemplo, a proba de 2º da ESO versaba sobre a literatura medieval, cousa que o alumnado aínda non coñecía; tamén se lles pedía un escrito formal, que no currículo se impartiría en 4º da ESO.

Dinos tamén desde os centros que as rúbricas de corrección non avalían o que deberían. De novo como exemplo, os castelanismos non se teñen en conta na corrección dos textos en galego, por non falar da pouca importancia que se dá á calidade dos textos.

Destacamos a queixa de como se nomeou o profesorado que corrixiu as probas de contraste, a dedo.

Rematamos trasladando as queixas de instrucións imprecisas e prazos moi curtos para desenvolver as citadas probas, coa sobrecarga de traballo que implica.

Enquisa de riscos psicosociais

Logo da nosa denuncia a Consellaría rectificou e obrigou á empresa privada que xestiona a enquisa a mandala en galego

cando antes todo eran problemas. É tremendo que teñamos que ser nós quen esteamos enriba do goberno para que cumpra coa lei e comunicarse sempre en galego.

Mais unha vez resolto iso, o que denunciámos xa publicamente e traemos a esta Mesa é a baixa calidade da enquisa, que parte das preguntas tipo de carácter xeral do INSST e non adapta a enquisa á realidade do persoal que traballamos nos centros educativos. Urximos a modificar a enquisa e facer unha nova que, previa consulta coa representación sindical no Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral, sirva realmente para o que debería estar destinada.

Calendario de negociación do Plan de Igualdade

Unha vez aprobada na acta da última reunión da Mesa Sectorial a constitución formal da comisión negociadora debe acordarse cando antes un calendario de reunións e poñer a andar a negociación do plan.

Protección de datos nos taboleiros de sala de profesorado

A Consellaría debe dar instrucións aos centros educativos para que non figuren na relación de permisos concedidos que se colgan nalgúns centros datos de carácter persoal que non respectan a protección de datos. **Van revisar o informe que xera o Xade.**

Modificación de datos persoais.

A orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 di no seu artigo 8 que o prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano salvo en épocas de concurso -entendíbel- pero ao final resulta que o persoal nunca a atopa aberta. Demandamos que se cumpra coa normativa e se manteña aberta e, caso de se cambie de opinión por parte da Consellaría, que se comunique ao través das listas de correo cando abre e pecha.

Edixgal

Agora mesmo hai queixas de determinados centros nos que din que malia votar maioritariamente saír do programa teñen que permanecer outros 4 cursos completos pola redacción (e sobre todo pola interpretación da convocatoria), cando o que tería sentido é que o vindeiro curso xa non estivese en vigor en primeiro da ESO e só continuasen os cursos que xa empezaron co libro dixital.

Sería importante que a Consellaría fixera unha reflexión máis xenérica sobre Edixgal e escoitar á comunidade educativa no seu conxunto a este respecto.

Reintegro gastos formación

Na mesa do 23 de maio do ano pasado tamén foi a negociación da orde de reintegros de gastos de formación, cando está previsto que veña este curso? **En breve virá pola mesa.**

CRA de Dodro

O CRA de Dodro e varias unitarias de Padrón solicitan por enésima vez a súa integración.

O problema xa non é que se conceda ou non, o problema é que non teñen ningún tipo de resposta, cal é a razón desta non resposta?

Como CIG-Ensino xa tratamos o tema na reunión da Xunta de Persoal co Xefe Territorial e a única resposta é que non era responsabilidade súa e que dependía da Dirección Xeral.

Se a resposta é negativa, por se nega a Consellaría a integración de todas nun único CRA?

Están traballando o tema en breve darán resposta.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal